



Os Sistemas de Depósito: un instrumento eficaz para un futuro sen residuos

Queremos que Europa se mova cara a unha Economía Circular con Cero Residuos que conserve o valor económico dos recursos ao reutilizar os materiais unha e outra vez, que utilice a reciclaxe como último recurso e que garanta que non se acumulen residuos no medio natural.

Os Sistemas de Depósito demostraron ser a forma máis efectiva e sustentable de acadalo.

QUE É UN SISTEMA DE DEPÓSITO?

O Sistema de Depósito é un sistema mediante o cal os consumidores que compran un produto, pagan unha cantidade adicional de diñeiro (depósito) que lles será reembolsada ao devolver o envase ou produto nun punto de recollida.

O sistema baséase en ofrecer un incentivo económico para que os consumidores devolvan os envases baleiros a calquera tenda e desta forma asegurarse de que serán reutilizados ou reciclados.

Para os envases de bebidas, estes sistemas xa están a funcionar en máis de 40 rexións de todo o mundo con excelentes resultados. Cremos que o uso do Sistema de Depósito debería estandarizarse no sector das bebidas, priorizando a reutilización a través de sistemas de enchido e expandíndose a outros sectores como o transporte e embalaxe de paquetería, así como a outros tipos de envases.

POR QUE IMPLEMENTAR O SISTEMA DE DEPÓSITO

1. Os Sistemas de Depósito alcanzan as taxas máis altas de recollida separada: ao redor do 90% en Europa (1).
2. Os Sistemas de Depósito son un dos instrumentos máis eficientes para frear a acumulación de plástico nos océanos e o medio ambiente. Poden reducir os envases de bebidas (2) no océano ata nun 40% (3).
3. Os Sistemas de Depósito para envases dun só uso son un trampolín cara a unha maior reutilización; a reutilización é preferible á reciclaxe (4).
4. Os Sistemas de Depósito xera aforros para os municipios e non implican custos adicionais para as institucións públicas.
5. Os Sistemas de Depósito son a única forma de cumprir co obxectivo de recollida separada do 90% para botella de plástico de bebidas para 2029 establecido na Directiva da UE sobre plásticos dun só uso (5) e axudarán a alcanzar os obxectivos de reciclaxe e prohibición de vertido.
6. O Sistema de Depósito xa é unha ferramenta apoiada por algunhas das principais empresas envasadoras (6).

7. O Sistema de Depósito para envases reutilizables é unha ferramenta para que os cidadáns poidan visualizar o impacto das súas accións.

8. As taxas de apoio da poboación aos Sistemas de Depósito están por encima do 80% (7).

9. Cando se implementa correctamente, o Sistema de Depósito para envases reutilizables xera un 50% menos de emisións de CO₂ que o Sistema de Depósito para artigos dun só uso (8).

10. O Sistema de Depósito crea empregos locais e apoia unha economía local próspera (9).

11. O Sistema de Depósito promove o deseño ecolóxico para unha mellor reciclaxe (10).

12. O Sistema de Depósito proporciona unha reciclaxe de maior calidade, que terá un maior prezo de mercado (11).

13. O Sistema de Depósito é o mellor sistema para permitir a reciclaxe botella a botella.

14. O Sistema de Depósito pode financiarse a si mesmo, independentemente do sistema de recollida (manual ou automático) que se elixa.

15. O Sistema de Depósito é unha maneira exemplar de implementar os principios da responsabilidade ampliada do produtor.

CHAMADA Á ACCIÓN

Facemos un chamamento ás institucións da UE e aos estados membros, así como ás autoridades competentes para conservar o valor dos materiais na economía e reducir a acumulación de residuos ao medio natural mediante:

1. O establecemento do obxectivo a nivel europeo e nacional de incrementar nun 5% ao ano, como mínimo, a reutilización dos envases de bebidas ata alcanzar o obxectivo do 70% para 2025.

2. A implantación dun Sistema de Depósito para os envases de bebidas dun só uso de calquera tipo de material.

3. A expansión do uso do Sistema de Depósito máis aló dos envases de bebidas, con, por exemplo, cuncas ou envases de alimentos.



Referencias:

- (1): <https://reloopplatform.eu/wp-content/uploads/2017/05/BOOK-Deposit-Global-24May2017-for-Website.pdf>
- (2): "Las botellas, tapas y tapones de bebidas" son el artículo número uno en la lista de la Comisión Europea de los productos plásticos de un solo uso más comunes en las playas europeas.
- (3): <https://theconversation.com/deposit-schemes-reduce-drink-containers-in-the-ocean-by-40-91897>
- (4): Jerarquía de residuos de la EU
<http://ec.europa.eu/environment/waste/framework/>
- (5): https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=uriserv:OJ.L_.2019.155.01.0001.01.ENG&toc=OJ:L:2019:155:TOC
- (6): Un ejemplo de una gran empresa que usa SDDR es Loop
<https://maboutiqueloop.fr/>
- (7): <https://valenciaplaza.com/el-95-de-los-valencianos-aprueba-el-plan-de-envases-retornables-segun-un-sondeo-del-consell>
- (8): GDB Ökobilanz 2008/IFEU
- (9): Página 16 <https://reloopplatform.eu/wp-content/uploads/2019/06/Ontario-Report-Final-Issued-2.pdf>
- (10): <https://infinitem.no/english/how-to-join-norways-refundable-deposit-system-for-refundable-packaging>
- (11): <https://reloopplatform.eu/wp-content/uploads/2019/03/IEP.pdf>

A Alianza Residuo Cero forma parte de Zero Waste Europe, plataforma formada por 30 organizaciones de 24 países europeos. Segundo esta plataforma, enténdese por "Residuo Cero" o modelo de xestión de residuos que trata de emular os ciclos da natureza nos que todos os materiais descartados para un proceso son necesarios para outro uso, de maneira pragmática e a longo prazo. Residuo Cero significa deseñar e xestionar os produtos e os procesos de maneira que se reduza o volume e a toxicidade dos residuos xerados, consérvense e recupérense todos os recursos e non se queimen nin enterren. A implementación de modelos Residuo Cero eliminaría todas as emisións ao aire, auga e chan que ameazan na actualidade á saúde humana, animal, vexetal e planetaria.

